

## **O novo pleno da Cámara elixiu os seus representantes en diferentes organismos**

- **Tamén se estableceron as novas comisións consultivas e as súas respectivas presidencias**

**Ferrol. 21/07/2010.** O novo pleno da Cámara de Comercio de Ferrol celebrou onte a súa primeira reunión, despois da sesión constitutiva do pasado 24 de xuño, para designar aos seus representantes nos diferentes organismos e asociacións nos que a entidade ten participación.

Así, para o consello de administración do Consorcio Pro Feiras e Exposicións foron elixidos, ademais de Juan Gato, a quen lle corresponde a presidencia deste órgano, Ramón Cobelo, como tesoureiro e Alfonso Martín como contador.

Completan a representación en FIMO, na condición de vogais, Cándido Hermida, Antonio Cendán e José Manuel Gómez.

Por outra parte, Juan Gato e Antonio Montero ocuparán senllos postos no consello de administración da Autoridade Portuaria Ferrol-San Cibrao.

Ademais, elixíronse, entre outros, os representantes en Costa Noroeste, na Fundación Exponav, na Asociación Impulsora do Plan Ferrol, na sociedade de garantía Afigal, na xunta arbitral de consumo e na sociedade Turismo de Ferrol.

Finalmente, nesta sesión acordouse a constitución de 10 comisións consultivas e a elección dos seus presidentes. Estas comisións son grupos permanentes de asesoramento, especializados por áreas concretas, que teñen a función de elaborar informes sobre aquelas cuestións que lles trasladen os órganos de goberno e de presentar propostas sobre cuestións relacionadas con estas áreas.



### REPRESENTACIONES

- Afigal, SGR: Marcos Vidal Álvarez
- Asociación de Cámaras dos Camiños Xacobeos: Juan Gato Díaz
- Asociación Impulsora do Plan Ferrol: Juan Gato Díaz, Camilo Ares Pérez, Antonio González Lago
- Autoridade Portuaria. Consello de Administración: Juan Gato Díaz, Antonio Montero Martínez
- Autoridade Portuaria. Consello de Navegación: Antonio Montero Martínez
- Consello Municipal da Lingua: Fernando Fernández Barreiro, Antonio González Lago
- Consorcio Pro Ferias: Juan Gato Díaz, Ramón Cobelo López, Alfonso Martín López, Cándido Hermida Campos, Antonio Cendán Guizán, José Manuel Gómez Ruiz.
- Costa Noroeste: Juan Gato Díaz
- Ente mixto de Xestión Turística: Olga Bergantiños Montes
- Ferrol Metrópoli: Arturo López Martínez
- Fundación Exponav: Juan Gato Díaz
- Plan de Dinamización Turística: Antonio Cendán Guizán
- Turismo de Ferrol, S.A.: Juan Gato Díaz
- Xunta arbitral de consumo: Armando García Rivas

### COMISIONS CONSULTIVAS (PRESIDENCIAS)

- Autónomos, PEMES e empresa familiar: Victoria de la Cal Leira
- Comercio exterior: Cándido Hermida Campos
- Comercio interior: Ramón Cobelo López
- Economía: Juan Gato Díaz
- Fomento do espírito emprendedor, mulleres empresarias e viveiros de empresas: Ana Prego Rodríguez
- Formación, recursos humanos, relacións laborais e responsabilidade social corporativa: María Luisa Villar López
- Industria agroalimentaria: Evangelina Barros Soto
- Industria, enerxía e transporte: Antonio Montero Martínez
- Turismo e ocio: Olga Bergantiños Montes.
- Urbanismo, infraestruturas e construción: Javier Orosa García

